



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso sobre procedemento expropiatorio: criterios e métodos de valoración empregados polo Xurado de Expropiación de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	64
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2012
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Adquisición dun coñecemento especializado eminentemente práctico no ámbito da determinación e valoración do xustiprezo expropiatorio, fundamentalmente nos métodos de valoración do solo.

Preténdese profundar en aspectos tales como a fixación e valoración de bens e dereitos expropiados (preferentemente inmoables) desde a experiencia e conforme aos criterios seguidos polo Xurado de Expropiación de Galicia.

Trátase de proporcionar aos destinatarios do curso unha visión práctica e realista da complexa materia das actuacións en materia de expropiación da Xunta de Galicia e dos municipios da Comunidade Autónoma, analizando cuestións de actualidade neste campo, tanto de forma individual como en grupo.

En definitiva, quérese dar a cada alumno o perfil profesional idóneo que as empresas e particulares requiren dun asesor profesional, especializado en materia de expropiación forzosa.

DESTINATARIOS

A metade das prazas (20) ten como destinatarios aos empregados públicos das Administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das Universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral. Persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico

Este curso valorarase con 0,5 puntos a aqueles alumnos que fosen considerados aptos á finalización do mesmo e por tanto, teñan dereito a certificado de aproveitamento, sempre que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Formación e Perfeccionamento de Administración Local, en cumprimento do previsto na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corríxen erros da Resolución do 26 de outubro de 1994, e conforme co establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52 do 16 de marzo de 2009). Poderán optar á outra metade das prazas (20) o persoal contratado polas Administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

As prazas de calquera dos grupos que non se cubran na súa totalidade acumularanse ás do outro.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:

1. O procedemento expropiatorio: 8 horas.
2. O expediente de determinación do xustiprezo: 4 horas.
3. Réxime xurídico dos xurados de expropiación: 4 horas.
4. Criterios de valoración: 42 horas.
5. Tratamento fiscal do xustiprezo: 2 horas.
6. Supostos de reversión e de retasación: 4 horas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente designada para este efecto cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes: Para os solicitantes incluídos no apartado 4.1, valoraranse: Posto de traballo actual

Experiencia profesional independente e distinta da correspondente ao actual posto de traballo, o que se acreditará exclusivamente nos termos sinalados na base

Formación:

Formación recibida:

- a) Títulos oficiais universitarios distintos aos esixidos ou acreditados como requisito para acceder a este curso.
- b) Cursos ou seminarios recibidos de máis de 200 horas que teñan relación coa materia do curso.
- c) Cursos, seminarios ou xornadas recibidos de entre 40 e 200 horas relacionados coa materia do curso. Formación impartida:

a) Ensinanzas oficiais universitarias

b) Cursos, xornadas e seminarios impartidos que estean relacionados coa materia desta convocatoria. Outros méritos:

Publicacións: libros, revistas técnicas e relatorios ou comunicacións de congresos relacionadas coa materia do curso.

Premios e bolsas relacionadas coa materia do curso

Todos os méritos alegados deberán acreditarse nos termos consignados e serán achegados seguindo a orde establecida nesta convocatoria, presentándose a documentación esixida numerada nos termos da mesma. A non cumprimentación nos referidos termos suporá a non valoración dos mesmos.

En todo caso, esta convocatoria rexerese subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da EGAP (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008). Para os solicitantes incluídos no apartado 4.2, valoraranse:

Experiencia profesional. Terán prioridade aqueles solicitantes que acrediten mediante certificación emitida polo organismo ou entidade contratante e/ou, no seu caso, mediante copia do contrato, que a súa actividade profesional actual ten relación directa coa materia do curso. Para estes efectos consideraranse como méritos destacados os seguintes: Figurar como redactor de planeamentos xerais ou de desenvolvemento ou de instrumentos de ordenación do territorio

Ser redactores individuais ou pertencer a equipos de redacción de plans sectoriais (medio ambiente, culturais, etc.)

Contratos con institucións ou entidades públicas ou persoais que acrediten actividade relacionada co obxecto do curso.

Neste caso deberá acreditarse a data de inicio e finalización do contrato.

Ditames ou informes que teñan como obxecto principal cuestións relacionadas coa ordenación do territorio ou urbanismo.

Experiencia profesional independente e distinta da correspondente ao actual posto de traballo, o que se acreditará exclusivamente nos termos sinalados na base 8.1.

Formación:

Formación recibida:

- a) Títulos oficiais universitarios distintos aos esixidos ou acreditados como requisito para acceder a este curso.
- b) Cursos ou seminarios recibidos de máis de 200 horas que teñan relación coa materia do curso.
- c) Cursos, seminarios ou xornadas recibidos de entre 40 e 200 horas relacionados coa materia do curso.

Formación impartida:

a) Ensinanzas oficiais universitarias

b) Cursos, xornadas e seminarios impartidos que estean relacionados coa materia desta convocatoria.

Outros méritos. Publicacións: libros, revistas técnicas e relatorios ou comunicacións de congresos relacionados coa materia do curso.

Premios e bolsas relacionadas coa materia do curso

A comisión poderá establecer cotas para garantir o carácter interdisciplinario e interadministrativo nos grupos de traballo que se establezan, de acordo coas solicitudes recibidas. Así mesmo, resolverá as alegacións e reclamacións que se puidesen suscitar.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 25/09/2012 a 22/01/2013

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JUAN CARLOS ARGÜELLO FERNÁNDEZ

JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI

Juan Bautista Quintas Rodríguez

José Rodríguez González

Francisco Manuel Aller Labandeira

Mercedes Aymerich Valladares

MANUEL GONZALEZ SARRIA

ENRIQUE SEOANE PRADO

CARLOS JOAQUIN LEFLER

JUAN JESUS RAPOSO ARCEO

CONSULTORIA NATUTECNIA SL

M^a CONCEPCION CAMPOS ACUÑA

MARIA JOSE MIJARES COTO

maría de los reyes rodríguez sanz

ANTONIO ROMA VALDES

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 25 de setembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 2: O día 25 de setembro de 16:00 a 20:00. Os días 02, 09, 16, 23 e 30 de outubro de 16:00 a 20:00. Os días 06, 13, 20 e 27 de novembro de 16:00 a 20:00. Os días 04, 11 e 18 de decembro de 16:00 a 20:00. Os días 08, 15 e 22 de xaneiro de 16:00 a 20:00. O día 29 de xaneiro de 17:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): Os días 23 e 30 de outubro de 16:00 a 20:00. Os días 13 e 20 de novembro de 16:00 a 20:00. Os días 04, 11 e 18 de decembro de 16:00 a 21:00. Os días 08 e 15 de xaneiro de 16:00 a 21:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 22 de xaneiro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA